



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: VIAXE CULTURAL: Actos de conmemoración do Día das Letras Galegas

CONVOCATORIA: VIAXE CULTURAL: Actos de conmemoración do Día das Letras Galegas

GRUPO: Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións

ÁREA: Lingua galega

CUALIFICACIÓN:	ASISTENCIA	PLAN:	FONDOS EGAP	HORAS:	1
ADMINISTRACIÓN:	AU LO UN XU	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2026
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	DIVULGACIÓN	EDICIÓNS:	1
DATA MATRÍCULA: Do 15/05/2026 - 00:00h ao 19/05/2026 - 23:59h					

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

A Real Academia Galega dedícalle o Día das Letras Galegas de 2026 a Begoña Caamaño, xornalista, narradora e loitadora en diversas fronteas, elixida este ano para protagonizar o Día das Letras Galegas. Destemida activista que participou en varios movementos e reivindicacións sociais, e dona dun xornalismo comprometido e valente, deixou coa súa prematura morte un baleiro importante na vida cultural e política galega.

A EGAP, como institución pública galega, súmase á súa homenaxe organizando un acto conmemorativo, así como unha viaxe de interese cultural.

DESTINATARIOS

Á viaxe cultural terá acceso só o persoal empregado público ao servizo de calquera das administracións públicas de Galicia (ata 50 prazas). No caso de presentaren máis solicitudes que prazas, terá preferencia o persoal ao servizo da Administración da Xunta de Galicia.

PROGRAMA

Con posterioridade ao acto conmemorativo realizarase unha viaxe de interese cultural o día 24 de maio.

Pendente confirmar e publicar ITINERARIO e PROGRAMA DA VIAXE - HORARIOS ESTIMADOS

O programa da viaxe de interese cultural poderase consultar en breve na páxina web da EGAP (<https://egap.xunta.gal/>).

CRITERIOS DE SELECCIÓN

A inscrición na viaxe implica necesariamente a asistencia previa ao acto conmemorativo. A selección das persoas participantes na viaxe cultural realizarase tendo en conta a orde de inscrición.

Na epígrafe desta actividade da páxina web da EGAP (<https://egap.xunta.gal/>) publicarase a listaxe de persoas seleccionadas, en reserva, no caso de que o número de solicitudes fose superior ao número de prazas, e, de ser o caso, as persoas excluídas nesta actividade, de acordo co disposto no artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro).

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA ALUMNOS

Unha vez formalizada a inscrición no acto literario, as persoas interesadas en participar na viaxe cultural deberán, ademais, enviar un correo electrónico a novas.egap@xunta.gal, no cal se deben indicar o nome, apelidos e datos de contacto, así como o seu vínculo de pertenza a calquera das administracións públicas de Galicia.

3. DATOS EDICIÓNS

SANTIAGO

LOCALIDADE: Santiago

INICIO / FIN: 24/05/2026 a 24/05/2026

NUM. PRAZAS: 50

ESTADO: NORMAL - (SELECCIÓN DISP.)

DATA EXAME:

DOCENTES NOMEADOS

NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE